

**LIRISMO MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUÉS. O TEMPO DOS TROBADORES.**

Unid. 14.

1200-1350 → Eclosión da lírica medieval galego-portuguesa.

**CONTEXTO HISTÓRICO: O REINO MEDIEVAL DE GALICIA.**

O “Descubrimento” do sartego do apóstolo Santiago (entre o 842 e o 847) implica:

- a) O Reino de Galicia ocupa unha posición de privilexio entre os reinos peninsulares.
- b) Nacemento e expansión da cidade de Santiago: as peregrinacións (polo Camiño de Santiago) convértena nun dos centros da cristiandade.

**AS DISTRACCIÓNS E O LECER NO MEDIEVO: O ESPECTÁCULO TROBADORESCO.**

Cando non estaban en guerra, os nobres dispuñan de tempo libre:

- No exterior, caza, xustas, torneos.
- No interior, en pazos e castelos, espectáculo trobadoresco (cantos e bailes, acompañados de instrumentos musicais). Neste espectáculo aparecen **figuras** como:
  - a) O trobador. Nobre. Compositor das cantigas no seu tempo de ocio.
  - b) O segrel. Compositor que compón a cambio dalgún beneficio económico.
  - c) O xograr. De Baixa extracción social. Intérpretes das cantigas dos trovadores. Algúns chegaron a compondor e reclamaron o status de “trobadores” (papel en principio propio da nobreza).

**A TRANSMISIÓN DO LIRISMO MEDIEVAL: CANCIONEIROS E PERGAMIÑOS.**

Coñecemos 1679 cantigas profanas (á parte, as relixiosas de Santa María), compostas por uns 161 trovadores e xogrades (non hai que sabelo). As cantigas chegan a nós a través de:

Cancioneiros	Tres códices: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Cancioneiro de Ajuda</i>. Da época dos trovadores, séc. XIII.</li> <li>• <i>Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa</i> e <i>Cancioneiro da Vaticana</i>. Dous cancioneros que son copias feitas no séc. XVI a partir de orixinais anteriores hoxe perdidos.</li> </ul>
Pergamiños	Pergamiño Vindel. Contén sete cantigas de Martín Codax, coa notación musical. Pergamiño Sharrer. Contén letra (de 7) e música (de 6) cantigas de Afonso X.

**AS LINGUAS ROMANCES E O GALEGO-PORTUGUÉS (Ler no libro).**

**A CANTIGA DE AMIGO.** Unid. 14.

- Eu poético (eu lírico, persoa que “fala” na composición): unha muller nova, a amiga.
- Ti poético (persoa a quen se dirixe): o amigo, un auditorio indeterminado, as amigas, a natureza, a nai, etc.
- A amiga refire os seus sentimentos cara o namorado, o amigo.
- A relación amorosa amiga-amigo pode ser: amor satisfeito, insatisfeito ou prohibición (cando algo ou alguén pon dificultades con respecto á relación).
- Outros personaxes:
  - A nai (gardadora, confidente, amiga ou conselleira).
  - A irmá (ou irmás) ou unha(s) amiga(s), testemuñas da relación.
  - A paisaxe. Pode ter distintas funcións:
    - a) Referencial, simple marco de fondo.
    - b) Personaxe, a amiga diríxese a elementos da natureza e dialoga con eles.
    - c) Simbólico, que remite ao campo amoroso.
- Caracterización formal: refrán, paralelismo e leixaprén.

A estrutura estrófica e rítmica das cantigas está relacionada co seu carácter musical: estaban destinadas a ser cantadas.

1. Refrán. Un ou máis versos que se repiten ao final de cada estrofa.
2. Paralelismo. O máis frecuente é o paralelismo perfecto, por:
  - Cambio de orde das palabras. P.e. u eu andar vi / u eu vi andar
  - Substitución da última palabra por un sinónimo.  
P.e. vaíamos irmana, vaíamos dormir / vaíamos irmana, vaíamos folgar
3. Leixaprén:

<table border="1"> <thead> <tr> <th>2º verso</th> <th>1º verso</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>I</td> <td>III</td> </tr> <tr> <td>II</td> <td>IV</td> </tr> <tr> <td>III</td> <td>V</td> </tr> <tr> <td>IV</td> <td>VI</td> </tr> <tr> <td>V</td> <td>VII</td> </tr> </tbody> </table>	2º verso	1º verso	I	III	II	IV	III	V	IV	VI	V	VII	<p>Tedes que recordar:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>2º verso</th> <th>1º verso</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>I</td> <td>III</td> </tr> </tbody> </table> <p>Observade que as estrofas seguen a orde en vertical.</p> <p>De modo que:          2º verso da estrofa I = 1º verso da III          2º verso da estrofa II = 1º verso da IV          E así sucesivamente.</p>	2º verso	1º verso	I	III
2º verso	1º verso																
I	III																
II	IV																
III	V																
IV	VI																
V	VII																
2º verso	1º verso																
I	III																

**A CANTIGA DE AMOR.** Unid. 14.

- Eu poético (eu lírico, persoa que “fala” na composición): un home namorado.
- Ti poético: a senhor, un auditorio indeterminado, Deus, os amigos...
- O home namorado expresa o seu amor pola dama (señor/senhor<sup>1</sup>). É unha muller casada.
- A dama -distante e admirable- aparece como un compendio de todas as virtudes (físicas e morais).
- A relación entre o trovador e a senhor reproduce o esquema de vasalaxe do mundo feudal: o namorado mostra absoluta submisión cara a súa amada, pero non consegue acadar o seu favor (o seu “ben”, “prol”, “galardón”). Como consecuencia desta relación imposible aparece a:
  - Coita de amor (por parte do namorado), que se pode manifestar en forma de sufrimento (coita), perda do sono, loucura e mesmo no tópico frecuente de “morrer de amor”.
- Recursos formais:
  1. Refrán. Diferéncianse cantigas de refrán / cantigas de maestría, segundo presenten ou non refrán.
  2. Dobre. Repetición de palabras en lugares fixos da mesma estrofa.
  3. Mordobre. Repetición de variantes da mesma palabra en lugares fixos da mesma estrofa.
  4. Fiinda. Conxunto de versos que dan remate ao poema.

---

<sup>1</sup> Na lingua medieval a palabra senhor (igual que pastor) non tiña morfema de femenino: era válida para home e muller (meu senhor, mia senhor).

## O CANCIONEIRO DE BURLAS: CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDICIR (Unid. 15)

- Buscan producir riso nos oíntes. A intencionalidade é divertir.
- Recursos: Equívoco, ironía.
- Clasificación:
  - ✓ Cantiga de escarnio, utiliza o equívoco, a diloxía (palabras con dobre sentido).
  - ✓ Caniga de maldicir, emprega linguaxe directa e explícita.
- Ciclos temáticos:
  - ✓ Cantigas obscenas, de temática sexual. Un amplo grupo está adicado ás soldadeiras.
  - ✓ Sátiras de vicios, costumes e defectos físicos.
  - ✓ Ataques a determinados grupos sociais (médicos, monxes, novos ricos...).

## XÉNEROS MENORES: TENZÓN E PASTORELA. Unid. 16.

TENZÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Subxénero nas cantigas satíricas.</li> <li>- Composición dialogada entre dous autores: o primeiro marca tema e ritmo e o segundo ten que contestar -levándolle a contraria- seguindo as pautas formais e temáticas marcadas polo primeiro.</li> </ul>
PASTORELA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrutura:           <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Un cabaleiro encontra unha fermosa “pastor” mentres cabalga polo campo.</li> <li>b) O cabaleiro solicita os amores da pastor.</li> <li>c) Prodúcese un diálogo entre ambos.</li> <li>d) A pastor acepta ou rexeita a proposta do cabaleiro.</li> </ol> </li> </ul>

**AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA** (Unid. 16)

Son 427 composicións nas que se fomenta o culto á virxe, mediante a transmisión de milagres atribuídos a ela.

TRANSMISIÓN	Chegaron a nós a través de catro códices do séc. XIII, elaborados na corte de Afonso X.
AUTORÍA	Afonso X foi autor dalgúns textos, e coordinou a elaboración dos restantes.
FONTES	<p>Amplo conxunto de lendas e tradicións, como:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coleccións marianas medievais en latín.</li> <li>- Coleccións marianas medievais en linguas romances.</li> <li>- Colección de santuarios da Península Ibérica.</li> <li>- Coleccións de santuarios de Europa.</li> <li>- Fontes orais.</li> <li>- Cuestións autobiográficas.</li> </ul>
CLASIFICACIÓN	<p>a) Cantigas narrativas. O protagonista débátese ante o pecado ou ante un perigo. A intervención da Virxe resolve o problema. Normalmente esta é a estrutura:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción sobre o milagre, seguido dunha máxima que se repetirá como refrán ao final de cada estrofa.</li> <li>2. Relato do milagre.</li> <li>3. Conclusión moral e loanzas á virxe.</li> </ol> <p>b) Cantigas líricas. As cantigas de loor seguen o modelo da cantiga de amor: Afonso X reitera a súa decisión de converterse en trovador da Virxe. Aparecen cada nove cantigas, ocupando os números 10, 20, 30, etc.</p>
TEMÁTICA	<p>Exaltación da figura de María. Milagres sobre santuarios marianos. Milagres que critican pecados e costumes deshonestos. Carácter político-propagandístico, coa intención de desviar as peregrinacións de Santiago a Toledo.</p>

..

**PROSA MEDIEVAL** (unid. 16)

- A prosa en galego data do século XIII e a primeira metade do XIV.
- Os primeiros textos conservados non teñen carácter literario (son cartas, leis, obituarios...)

PROSA DE FICCIÓN: CICLOS TEMÁTICOS	MATERIA DE BRETAÑA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Narracións que xiran arredor do rei Artur e os cabaleiros da Táboa Redonda.</li> <li>- Inicia o ciclo Chrétien de Troyes. A continuación créanse versións da historia, ata darle un simbolismo máxico-cristián: O Graal convértese no cáliz da última cea, Artur e os seus cabaleiros son espello de vistudes cristiás...</li> <li>- Consérvanse varios textos en galego deste ciclo (relacionados co Graal, o mago Merlín e os cabaleiros da Táboa Redonda).</li> </ul>
	MATERIA DE TROIA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Narracións sobre a guerra de Troia.</li> <li>- Consérvanse, do século XIV: <i>Crónica troiana</i>, mandada copiar polo señor de Andrade (Pontedeume). <i>Historia troiana</i>, bilingüe, en castelán e galego.</li> </ul>
HAXIOGRAFÍA E CICLO CAROLINXIO		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Haxiografía: Narración de milagres feitos por santos e beatos.</li> <li>- Ciclo carolinxio: Fazañas e aventuras relacionadas con Carlomagno.</li> </ul> <p>Os <i>Mirages de Santiago</i>, xorden da fusión de ambas correntes. Fusiona milagres de Santiago, fazañas de Carlomagno e unha “guía de peregrinos” que inclúe unha descrición da catedral e de Compostela no séc. XII<sup>2</sup>.</p>
PROSA HISTORIOGRÁFICA		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os primeiros textos historiográficos están escritos en latín.</li> <li>- Hai textos escritos en galego-portugués, p.e. a <i>Crónica Xeral</i>, a <i>Crónica de Castela</i>, a <i>Xeral Historia</i> ou a <i>Corónica de Santa María de Iria</i> (cítese únicamente 1 título).</li> <li>-</li> </ul>
PROSA XURÍDICA OU DIDÁCTICA		P.e. o <i>Tratado de albeitaría</i> , texto medieval sobre a cría de cabalos e a cura das súas doenzas e feridas.

<sup>2</sup> É unha tradución incompleta do *Códice Calixtino* (manuscrito en latín do séc. XII).

